



## Concello de Xermade

---

### ANUNCIO

#### Convocatoria pública de premios de Entroido de Xermade 2019.

Por Decreto da Alcaldía núm. 80/2019 de data 13 de febreiro aprobaronse as bases da convocatoria de subvencións que de seguido se transcriben:

#### “BASES REGULADORAS DOS PREMIOS DO ENTROIDO DE XERMADE 2019

##### PRIMEIRA:

O concurso de disfraces **Entroido Xermade 2019** celebrarase o luns día 04 de marzo, ás 9:30 horas da noite no pavillón polideportivo de Xermade.

##### SEGUNDA:

O prazo de inscrición de participantes será desde o momento de publicación destas bases ata o 27 de febreiro ás 20 horas. A inscrición realizarase de xeito presencial no Concello ou por teléfono chamando ao 982501001. Todos os grupos e/ou disfraces inscritos deben levar no momento do desfile o número asignado polo concello no momento da inscrición.

##### TERCEIRA:

Todos os grupos e disfraces deberán estar no Pavillón Polideportivo de Xermade a partir das 9:30 horas da noite para proceder máis tarde ao desfile, onde terá lugar o concurso de disfraces diante do xurado. É obrigatorio a participación no desfile para poder participar no concurso.

##### CUARTA:

Establécense as seguintes categorías no concurso:

##### **PARTICIPANTES NON EMPADROADOS EN XERMADE**

**1.GRUPOS:** agrupación formada por un mínimo de dúas (2) persoas, que garden unha unidade temática, e que desfilen ou realicen algunha actuación, ben sexan coplas, bailes ou representacións. Máis da metade do grupo non pode estar empadroada en Xermade.

**2.INDIVIDUAIS ADULTOS:** participantes a partir de 16 anos.

Se son parellas ou individuais, non poden estar empadroados en Xermade.

##### **PARTICIPANTES EMPADROADOS EN XERMADE**

**1.GRUPOS/COMPARSAS/ASOCIACIÓNS:** agrupación formada por un mínimo de dúas (2) persoas, que garden unha unidade temática, e que desfilen ou realicen algunha actuación, ben sexan coplas, bailes ou representacións.

**2.INDIVIDUAIS ADULTOS:** participantes a partir de 16 anos que concursen individualmente ou en parella, debendo, neste caso, gardar unidade temática entre os/as compoñentes.

**3.INFANTÍS:** participantes menores de 16 anos que concursen individualmente, en parella ou en grupo, debendo, neste caso, gardar unidade temática entre os/as compoñentes.

##### QUINTA:

A orde no desfile e nas actuacións rexerase segundo o rexistro de inscrición no concello.

##### SEXTA:

Os/as participantes que necesiten música deberán entregarlla á organización, como moi tarde, antes do inicio do desfile.

##### SÉTIMA:

A duración da actuación escollida para o concurso terá unha duración máxima de 10 minutos, pasar deste tempo poderá significar a exclusión do concurso.

---

## Concello de Xermade



## Concello de Xermade

---

### OITAVA:

Os grupos poderán acceder ao pavillón con vehículos e plataformas ata uns tamaños máximos. A organización avisará da suspensión ou mantemento do desfile.

### NOVENA:

O xurado estará formado por cinco persoas voluntarias do público. O xurado elaborará unha acta na que conste a resolución de disfraces premiados no concurso, asinada por todos os membros. Os premios serán aboados en metálico no momento en que o xurado decida os mellores disfraces segundo as categorías. A técnica municipal elaborará un informe partindo desta acta para xustificar o pagamento dos premios.

### DÉCIMA:

O xurado deberá escoller os seguintes premios:

Para participantes **non empadroados en Xermade** haberá dous premios aos mellores disfraces, máis da metade do grupo non pode estar empadroadada en Xermade.

- 1º premio (pode ser individual ou en grupos)
- 2º premio (pode ser individual ou en grupos)

Para **participantes empadroados en Xermade** (máis da metade do grupo ten que estar empadroadada en Xermade), haberá os seguintes premios:

- Grupos e Asociacións:
  - 1º Premio
  - 2º Premio
  - 3º Premio
- Individual:
  - 1º Premio
  - 2º Premio
  - 3º Premio

Categoría Infantil: Haberá dous premios que serán dous vales de 50€ para canxear na tenda de deportes Lecar712 de As Pontes. Avenida de Ferrol, nº51 Baixo- 15320 As Pontes.

### UNDÉCIMA:

Para a selección de premios o xurado terá en conta o desfile, a representación ou actuación realizada durante o concurso, a orixinalidade e a confección dos disfraces.

### DUODÉCIMA:

As contías dos premios do concurso serán

<b>Non empadroados en Xermade</b>	1º premio de 200€ (pode ser individual ou en grupos) 2º premio de 150€ (pode ser individual ou en grupos)
<b>Participantes empadroados en Xermade</b>	Grupos e Asociacións: 1º Premio: 200€

---

## Concello de Xermade



## Concello de Xermade

	2º Premio: 150€ 3º Premio: 100€ Individual: 1º Premio: 100€ 2º Premio: 75€ 3º Premio: 50€
<b>Categoría Infantil:</b>	Haberá dous premios que serán dous vales de 50€

Nota: O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún dos premios se considera que os/as participantes non reúnen a calidade precisa.

### **DUODÉCIMA:**

A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros. O incumprimento das bases suporá a descualificación no concurso. En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso.

As presentes bases e os premios concedidos aos beneficiarios, serán publicados na plataforma da Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>). “

O que asino en Xermade na data indicada á marxe

O alcalde

Roberto García Pernas

(documento asinado dixitalmente)

---

**Concello de Xermade**

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027